



**SERAGRO**  
Sociedade Cooperativa Galega

## Nota de prensa

17.11.2023

### O tradicional brinde do leite clausura as XX Xornadas Técnicas de Vacún de Leite de Seragro

- **A segunda sesión do encontro dedicouse ao deseño das instalacións, ao uso dos datos e á xestión do persoal.**

Gandeiros, veterinarios, técnicos e demais profesionais do sector reuníronse entre onte e hoxe na Facultade de Veterinaria de Lugo para asistir ao foro técnico que organiza cada ano por estas datas a cooperativa Seragro.

A sesión de hoxe comezou as 11:00 horas co enxeñeiro agrónomo, **Alberto Jurado**. Na súa exposición falou sobre a importancia do deseño e do manexo de instalacións nas explotacións leiteiras.

Xusto despois chegou o momento de **Marc Pineda**, veterinario especialista en saúde podal, coa súa charla sobre o manexo e mellora de instalacións enfocadas ao cuidado deste aspecto: a saúde podal.

Tras unha pausa para café, **Aurora Villarroel**, doutora veterinaria, foi a seguinte en intervir. Explicoulles aos asistentes como utilizar de maneira práctica os datos que nos dan as tecnoloxías na granxa.

O encontro continuou pola tarde, a partir das 16:30 horas. Os gandeiros **Joan Viñolas**, de Granja Mas Bes (Xirona), e **Ángel Fernando San Juan**, de Finca Prados Fondos (Valladolid), charlaron sobre a xestión do persoal.

A vixésima edición das Xornadas de Seragro chegou ao seu fin co acto de clausura, que consistiu no xa tradicional brinde do leite. Nesta ocasión, contaron con **Federico Pérez**, humorista, guionista e actor galego, como mestre de cerimonia.